



AVISO

ZONA DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE CERCIO (LALÍN - PONTEVEDRA)

PRAZO PARA MANIFESTAR AS PREFERENCIAS SOBRE A LOCALIZACIÓN DOS FUTUROS PREDIOS DE SUBSTITUCIÓN

Consonte co establecido no artigo 29 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, para a preparación do acordo de reestruturación parcelaria as persoas titulares, ou os seus representantes debidamente acreditados, poderán poñer de manifesto, por escrito e de xeito razoado, as súas preferencias sobre a localización dos futuros predios de substitución.

En ningún caso estas preferencias terán carácter vinculante nin condicionará os resultados técnicos do proceso.

O prazo para presentar estos escritos será de **un mes** :

Inicio prazo:	19 de novembro 2019
Fin prazo:	18 de decembro 2019

Os escritos deberán presentarse nas oficinas da Xunta de Galicia ou por calquera dos medios establecidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, dirixidos a: Servizo de Infraestruturas Agrarias, Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural. Avda. María Victoria Moreno, 43, 36071 Pontevedra

Co fin de facilitarlles o cumprimento deste trámite, vanse establecer uns días de atención ao público na zona que se anunciarán previamente nos lugares de costume e na web da Consellería do Medio Rural, na que tamén estará a súa disposición un modelo de solicitude.

<https://ovmediorural.xunta.gal/gl/consultas-publicas/concentrations-parcelarias-procesos>

Se desexa facer a presentación na sede electrónica da Xunta de Galicia pode presentar o modelo cuberto xunto coa solicitude xenérica (servizo PR004A).

Pontevedra,

A xefa do Servizo de Infraestruturas Agrarias
María José Pérez Gil
(sinatura dixital)

